



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Literatura Galega Contemporánea 1	Código	613G02024	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Profesorado	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo, a través dos textos, da produción literaria galega do século XIX.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.		A1	
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.		A2	
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega		A4	
Coñecer a literatura en lingua galega		A7	
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.		A11	
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.		A11	
Ser capaz de aplicar os coñecementos literarios á práctica.		A15	
Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.		A17	
Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.		A19	



Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.		B4	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A literatura galega no século XIX.	Caracterización xeral. Periodización. Cuestións metodolóxicas.
2. Os inicios da literatura galega.	Os primeiros textos. Determinación histórica e finalidade pragmática. Produción e difusión. A tradición do vilancico de Nadal. A poesía: Nicomedes Pastor Díaz. O teatro. Ideoloxía liberal e teatro popular.
3. O Prerrexurdimento.	O provincialismo. Caracterización ideolóxica. A prensa provincialista. A poesía. Caracterización xeral. Algúns autores. A Gaita Gallega: singularidade xenérica, reivindicación e iniciación lingüística e denuncia social. A poesía. O teatro.
4. O Rexurdimento. Caracterización xeral.	Reivindicación lingüística, renacemento cultural e construción da identidade nacional. A cultura e a literatura popular. A recuperación da historia propia. A situación social da lingua. A procura dun modelo de lingua literaria. Os Xogos Florais da Coruña. Produción e difusión cultural: a prensa.
5. O Rexurdimento. Xéneros e autores.	A poesía. Rosalía de Castro. Cantares gallegos. Manuel Curros Enríquez. O divino sainete. Eduardo Pondal. A narrativa. O "Conto gallego" de Rosalía de Castro. O teatro.
6. O Rexionalismo e a transición ao século XX.	Elementos definidores. As iniciativas editoras: prensa e coleccións editoriais. A consolidación institucional do rexionalismo no século XX: a fundación da Academia Galega. Valentín Lamas Carvajal: O catecismo do labrego. A narrativa. A novela histórica: O castelo de Pambre de Antonio López Ferreiro. O teatro histórico. O teatro social.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Discusión dirixida	7	7	14
Lecturas	1	43	44
Sesión maxistral	15	15	30
Traballos tutelados	3	21	24
Seminario	6	9	15
Análise de fontes documentais	10	10	20
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Debate na aula moderado pola profesora sobre temas previamente sinalados e convidados co alumnado. Requerirá unha preparación previa que os e as estudantes deberán realizar, de acordo coas indicacións que recibirán.
Lecturas	Son de lectura obrigada as obras literarias que figuran como tal no apartado de Fontes da información. Serán tamén obxecto de lectura algunhas referencias de bibliografía secundaria que a profesora indicará expresamente na aula.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co apoio de medios audiovisuais e a introdución de preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Terá como obxecto, principalmente, proporcionar unha visión panorámica dos temas que serán logo desenvolvidos en sesións complementares posteriores en grupos de menor tamaño.
Traballos tutelados	Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos e das estudantes e o seguimento desa aprendizaxe pola profesora-titora. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Análise de fontes documentais	Lectura e comentario de textos críticos, historiográficos, xornalísticos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A profesora orientará aos e ás estudantes na selección do tema do traballo, da metodoloxía e das fontes de información precisas e máis axeitadas para a súa elaboración. A orientación farase de forma individualizada, persoalmente, e tamén se facilitarán indicacións escritas.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Seminario	Coa finalidade do estudo intensivo dun tema a profesora guiará, cando menos, un seminario en que participarán todos os membros do grupo. Poderá ser solicitada a entrega por escrito das conclusións do seminario. En todo caso, valoraranse o seguimento e as intervencións realizadas na aula.	15
Traballos tutelados	O/a estudante realizará un traballo de curso orientado pola profesora. Na súa avaliación terase en conta tanto o resultado que se presentará por escrito como, de ser o caso, a exposición oral que se realizará na aula.	30
Sesión maxistral	Os temas expostos nas aulas das sesións maxistras poderán ser obxecto dunha proba escrita. En todo caso, valorarase o acompañamento e a participación do alumnado nestas sesións.	10
Lecturas	Haberán de realizarse as lecturas obrigadas que se recollen no apartado Fontes de información. Igualmente a profesora sinalará outros textos de lectura e indicará, en cada caso, a posibilidade ou a obriga de realizar algún tipo de exercicio escrito (recensión, comentario) ou oral (exposición, presentación) sobre eles. Solicitaranse, como máximo, 2 actividades deste tipo.	20



Análise de fontes documentais	Na aula realizarase a lectura e comentario de textos críticos, historiográficos, xornalísticos, etc. A profesora poderá solicitar a entrega de 1 exercicio escrito individual con estas características. En calquera caso, valorarase a participación do/a estudante/a na aula nestas actividades.	15
Discusión dirixida	Debate na aula moderado pola profesora sobre temas previamente sinalados e convidados co alumnado. Os e as estudantes deberán preparalo previamente, de acordo coas indicacións que recibirán. Valoraranse as intervencións na aula.	10

Observacións avaliación

Incluindo o traballo tutelado, a profesora solicitará a realización dun máximo de 4 actividades avaliábeis. Para seren computadas na avaliación, as actividades deberán presentarse no prazo indicado pola profesora. Caso de entregárense fóra de prazo, consideraranse a todos os efectos como se non se presentasen.

Quen non supere a materia no mes de xuño, terá unha segunda oportunidade para facelo no mes de xullo. Nesta segunda oportunidade, deberán presentar/realizar as actividades non superadas ou non presentadas anteriormente, de acordo coas indicacións específicas que dará a profesora. As persoas matriculadas a tempo parcial e que soliciten e obtivesen dispensa académica deberán entregar as actividades avaliábeis no prazo indicado pola profesora. Terá a cualificación de "non presentado" quen só entregue 1 actividade, sempre que non sexa o traballo tutelado. Cando se entreguen máis actividades ou o traballo tutelado, obterase a cualificación que corresponda segundo o número e a calidade das actividades entregadas.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Vilavedra, Dolores (coord.) (1995-2000). Dicionario da Literatura Galega. Vigo: Galaxia - Lourenzo, Manuel e Pillado Mayor, Francisco (1987). Dicionario do teatro galego. Barcelona: Sotelo Blanco - Tarrío, Anxo (coord.) (2000). Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV). A Coruña: Hércules de edicións - Vilavedra, Dolores (1999). Historia da Literatura Galega. Vigo: Galaxia - VV. AA. (1996). Historia da Literatura Galega (vols. 1 e 2). Vigo: A Nosa Terra - Carballo Calero, Ricardo (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo: Galaxia - Tato Fontaíña, Laura (1999). Historia do teatro galego. Das orixes a 1936. Vigo: A Nosa Terra - Rodríguez, Francisco (1990). Literatura galega contemporánea (problemas de método e interpretación). Vilaboa: Edicións do Cumio - Tarrío, Anxo (1994). Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica. Vigo: Xerais
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Galega Contemporánea 2/613G02036

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Literatura Galega/613G02012

Observacións

Para calquera dubida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado ou concertando cita previa no enderezo electrónico t.lopez@udc.es.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías